

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Programa dirixido á procura de emprego das persoas con trastorno mental ou adictivo mediante a adquisición de valores , competencias e habilidades.

Entidade executante

Asfredo (Asociación ferrolá de drogodependencias) (www.asfredo.org)

Ámbito territorial

A poboación atendida será da área de Ferrol.

Persoas destinatarias

Persoas con trastornos adictivos.

Obxectivos

Obxectivo xeral:

Crear un espazo terapéutico da abordaxe do problema de drogodependencias atendendo ás demandas derivadas de calquera área sanitaria de Galicia, a través das Unidades Asistenciais dependentes funcionalmente do Sergas. Facilitando o tratamento de deshabitación,, e normalizando hábitos saudables de vida.

Obxectivos específicos:

- Motivar e concienciar á persoa usuaria para afrontar o problema clínico negociando obxectivos terapéuticos e estratexias para alcanzados.
- Establecer capacidades e destrezas necesarias para a realización das tarefas diarias:cumprimento de horarios, responsabilidade, organización, respecto, coidado do material utilizado, habilidades de comunicación.
- Desenvolver competencias que contribúan a través da formación e a ocupación a unha maior e máis efectiva da vida social, no desenvolvemento da súa autonomía persoal e a mellora da súa autoestima.

Metodoloxía

Intervención para a reinserción nos diferentes ámbitos :educativo, familiar, sanitario, social, xudicial e laboral .